

1. O libro gustoume moito porque é de misterio e intriga. **(Adrián)**
 2. O libro gústame moito... ten moita intriga e misterio e creo que é iso o que che impulsa a ler un libro. Saúdos! **(Silvia)**
 3. Este libro gustoume moito porque ten cousas de intriga e de emoción. Recoméndolle este libro a todas as persoas, en especial aos que lles gustan libros de emoción. No libro, hai unha post-data que é o que mais me gusta porque ten unha parte na que ti mesmo tes que descifrar. Espero que con estas recomendacións máis xente se anime a ler. **(Rafael)**
 4. Este libro gustoume moito porque é moi emocionante e o final é moi inesperado, recoméndoo para todo o mundo e espero que se siga lendo os vindeiros anos **(Sergio)**
 5. Este libro gustoume bastante porque deixa que o lector participe axudando a descifrar o misterio, ademais é moi fácil de ler **(Eligio)**
 6. O libro trata dunha nena e os seus amigos que queren resolver o misterio de quen toca a decimo terceira badalada. A min gustoume, ten momentos de misterio e intriga que animan o lector a sentirse parte da historia. E ten un final inesperado. Eu recomendo este libro **(Antonio)**
 7. A min este libro gustoume moito e llo recomendo á xente que lle gusten os libros de intriga. O único que non me gustou foi o final xa que é absurdo, pero polo demais moi ben!!! **(Lara)**
 8. Este libro non me gustou demasiado, ó principio é interesante pero a medida que vai avanzando a historia vaise facendo aburrida e repetitiva, só ten algo mais de interese ó final ó descubrir o misterio. **(Couto)**
 9. Xabier Docampo non conseguiu que me adentrara na historia do seu libro porque non me gustan os libros de misterio, pero consegue deixarme con dúbidas e preguntas ao final do libro. Este libro non é deses que rematas un capítulo e segues lendo; é dos que os les porque has decidido lelos por diversas causas ou motivos. Iso na miña opinión de xove lector. En resumo: este libro nin me gustou nin non me gustou simplemente non me atraeu. **(David)**
 10. O libro é un pouco chorrada porque eu non creo que teña tanta importancia unha simple badalada. O final creo que podería ser máis interesante pero aínda así é bastante interesante. Recoméndollo á xente que lle guste a fantasía **(Jorge)**
 11. É un libro interesante. Como o seu nome indica, é un libro de misterio. A historia conta, como un grupo de rapaces, investigan para descubrir quen é a persoa que toca unha badalada de máis no reloxo de Eiranova (se queredes saber quén foi, deberedes ler o libro). Os rapaces reciben unha serie de mensaxes anónimas, para descubrir á persoa emisora destas mensaxes. O libro é divertido, lise rápido e é un bo libro para ler en idades xoves. O libro é divertido e enxeñoso, as pistas que dá ó señor que toca a campá, non están resoltas e ti as tes que descifrar. Ó final do libro, hai unha sección chamada: "Post-Data", na que che dá a posibilidade de que ti poidas encontrar nas pistas a solución a un novo acertixo: ... O libro é un bo agasallo para este Nadal, pero se non o queres mercar, pídeo na túa biblioteca máis próxima. Non deixes de ler este libro, podes conseguir varias horas de diversión e misterio! **(José Manuel)**
 12. É un libro que non me gustou moito. Ao principio é bastante ameno pero despois é aburrido porque se repite moito: pista, resolve a pista, nova pista, resolve a pista, nova pista, etc. A parte que máis me gustou do libro é na que se descobre como se fai tocar a campá, pareceume moi enxeñoso. **(Andrea)**
 13. Pareceume un libro moi interesante xa que trata dun neno que non quere ir á escola e falta, e é de intriga ,misterio e aventuras **(Alejandro)**
-